

Barosa (Barro)”, redactado pola empresa consultora G.O.C., por encargo da Subdirección Xeral de Programación e Proxectos-Augas de Galicia, logo da solicitude do Concello.

Sométese o proxecto a exposición ao público, durante o prazo de 20 días hábiles, contados a partir da publicación deste anuncio no Boleín Oficial da Provincia.

Barro, a 19 de abril de 2010.—O Alcalde, José Antonio Landín Eirín. **2010004692**

* * *

CUNTIS

E D I C T O

O Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2010 acordou aprobar inicialmente o expediente da Ordenanza reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil no Concello de Cuntis.

Exponse ao público, durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, podendo ser examinado e formularse reclamacións, durante o mesmo prazo.

De non presentarse reclamacións ou observación ningunha, o acordo entenderase definitivamente aprobado.

Cuntis, a 16 de abril de 2010.—A Alcaldesa, Fátima Monteagudo Pereira. **2010004579**

* * *

COTOBADA

A N U N C I O

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 25.02.2010, aprobou inicialmente o Regulamento Municipal do Servizo de Recollida Selectiva de Papel Cartón.

En aplicación do disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, estivo exposto ó público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia, nº 48 de 11.03.2010, sen que se presentaran reclamacións durante o prazo de exposición de 30 días hábiles que remataron o pasado 19.04.2010.

Procédese á publicación do texto integro do regulamento municipal do servizo de Recollida Selectiva de Papel Carton, unha vez elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial, para a súa entrada en vigor:

REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVICIO DE RECOLLIDA SELECTIVA DE PAPEL CARTÓN

TÍTULO I. DISPOSICIONES GENERALES

ARTIGO 1

1. Este regulamento ten por obxecto a regulación xeral dentro do marco das competencias atribuídas por Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases do réxime local, Lei 10/1998, de 21 de abril, sobre residuos, de carácter estatal e lei 10/08 de 3 de novembro de residuos de Galicia e demais disposicións vixentes na materia.
2. En materia tributaria e de recadación rexeráse polo disposto na Lei de Facendas locais, aprobada por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, Regulamento Xeral de recadación aprobado por Real decreto 939/2005 de 29 de xullo.

ARTIGO 2

Os efectos deste regulamento, enténdese por papel cartón os residuos de papel e cartón xerados en domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos.

TÍTULO II. RECOLLIDA DE PAPEL CARTÓN

ARTIGO 3

O sistema de recollida de papel cartón será o que determine o concello tralo oportuno procedemento de adxudicación do contrato de xestión do servizo público de recollida de papel cartón, coa frecuencia e horario que resulte de éste, dándolle a publicidade necesaria se houbera cambios para o coñecemento dos veciños, mediante bandos da Alcaldía.

ARTIGO 4

Ningunha persoa física ou xurídica poderá adicarse á recollida, transporte ou aproveitamento do papel cartón, calquera que sexa a súa natureza sen a previa autorización municipal.

ARTIGO 5

O concello, se o considera oportuno, poderá obligar ós propietarios de locais comerciais e industriais a mercar os seus propios contenedores normalizados para a súa posterior recollida. Da mesma maneira terán a obriga de realizar as operacións de conservación e limpeza necesarias.

A localización de ditos contenedores axustaráse ós criterios que sexan establecidos polo Concello.

Tódolos residuos de cartón-papel colocaránse dentro dos contedores específicos para cartón e papel, serán introducidas dobradas para que ocu-

pen o mínimo espacio posible. Cando o contenedor de cartón e papel esté cheo, os cartóns depositaránse ó lado de dito contenedor, atados e dobrados perfectamente.

O Concello poderá, se o cree necesario, regular o horario de depósito de residuos a comerciantes ou industrias, mediante escrito dirixido a eles.

Artigo 6. Queda prohibido realizar calquera operación que poida ensuciar as vías e espazos públicos, e de forma especial as seguintes:

1. Depositar as caixas de cartón fora dos contenedores específicos para cartón e papel, non obstante se estiveran cheos poderánse deixar ben dobrados ó lado do contenedor.
2. Depositar na vía pública toda clase de escombros procedentes das obras de construción e remodelación de edificios.
3. Depositar escombros, verter basura o efectuar calquera clase de vertidos nos leitos dos ríos ou nas súas marxes ou ó seu paso polo término municipal, así como nas vías e espazos públicos.
4. Desplazar ou manipular contenedores situados na vía pública sen autorización expresa do concello.

TÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 9

1. Consideraránse infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan o establecido neste regulamento.
2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.
3. Estas infraccións serán sancionadas pola Alcaldía.

ARTIGO 10

1. O procedemento sancionador iniciaráse de oficio polo concello, en virtude da súa función inspectora e de comprobación, ou a instancia de parte mediante a correspondente denuncia presentada por escrito.
2. No non previsto neste regulamento aplicarásese ó disposto:
 - Na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
 - No Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, de 4 de agosto.
 - No Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1968, de 28 de novembro.

3. Toda persona natural ou xurídica poderá denunciar ante o concello calquera infracción de este regulamento.
4. Recibida a denuncia, incoarásese o oportuno expediente coa investigación dos feitos mencionados, seguíndose os trámites indicados na lexislación e coa adopción das medidas cautelares necesarias, ata a resolución final.
5. Ademais, os incumprimentos nesta materia que impliquen infracción das prescricións establecidas na Lei 10/1998, del 21 de abril, de residuos e disposicións complementarias, poderán ser obxecto de sanción nos términos que determine o réxime sancionador previsto na antedita lei.

Disposición final única: Este regulamento entrará en vigor trala súa publicación íntegra no BOP, e o transcurso do prazo previsto no artíto 65.2 da Lei 7/85 por remisión do artigo 70 da mesma norma, manténdose en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

En Cotobade, a 20 de abril de 2010.—O Alcalde,
Manoel Loureiro Adán. **2010004573**

* * *

A ESTRADA

A N U N C I O

Expedientes de baixas de oficio

Neste Concello instrúense expedientes, segundo o artigo 72 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais (modificado polo R.D. 2.162/96, de 20 de decembro), para proceder ás baixas de oficio do Padrón Municipal das persoas seguintes:

NOME E APELIDOS	DNI-PASAPORTE-NIE
DAVID HERNANDEZ BENAYAS	02260788 A
RAFAEL COLLAZO MILLAN	
SAMIR HAMDANE	X09219813J
MANUEL HECTOR PUGA ESPINOZA	44092826 D
ABDELILAH MEHJOUND	X4381693 D
DAVID PEREIRA MARQUE	35429890 T
ANISOARA CONSTANDACHE	X06797442 E
MARCEL BODNARIUC	X05713365 G
JENICA HRISCU	12846247
FIDEL CASTRO PEREZ	77472247 J
AMADEU ALVES DA COSTA	X6277222 Q
MARIA DO CEU DA SILVA PEREIRA	X6697368 K
GERARDO DOMINGO MELO NUÑEZ	X02145043 V
MARIA LUZ VALLADARES FERNANDEZ	35259058 N

Ao non ser posible practicar as notificacións as persoas relacionadas anteriormente a través do Servizo de Correos, mediante carta certificada con aviso de recibimento, notifícase mediante o presen-